

Prensa Consellaría do Medio Rural

Máis de 20 empresas galegas do sector agroalimentario presentan os seus produtos no Salón Internacional do Club Gourmets

Este certame, o máis importante do sector alimentario en Europa, celébrase no recinto feiral da Casa de Campo de Madrid, entre o 16 e o 19 deste mes de abril. Galiza será nesta edición a comunidade convidada e contará cun total de 486 metros cadrados de espazo expositivo.

Santiago de Compostela, 14-04-2007 Vinte e unha empresas galegas do sector agroalimentario presentan, do 16 ao 19 de abril, en Madrid, unha selección dos seus mellores produtos no XXI Salón Internacional do Club de Gourmets, un magnífico escaparate promocional no que profesionais do sector procedentes de toda España, de Europa e doutros países, como Estados Unidos ou Arxentina, desenvolverán unha importante actividade comercial mediante citas de negocios concertadas, degustacións e presentacións promocionais.

Galiza é a comunidade convidada este ano no Salón do Club Gourmets, unha feira dedicada aos produtos de alimentación e ás bebidas de calidade e considerada a primeira de Europa en importancia no sector. O noso País conta, deste xeito, cun lugar idóneo para presentar tanto as súas riquezas e particularidades gastronómicas como os seus atractivos turísticos. O XXI Salón Internacional do Club de Gourmets ten unha superficie de exposición de 16.940 m², dos cales 486 correspondenlles aos stands institucionais da nosa comunidade.

Ademais, unha empresa galega, o establecemento compostelán Ruta Xacoba, será a encargada do restaurante e do bar de tapas do Recinto Feiral, co cocifeiro Luis Feneiro á fronte. Ao longo dos cinco días de duración do salón, elaborarán e servirán distintos menús a base de produtos galegos de calidade.

Así mesmo, como Comunidade Autónoma convidada no VIII Obradoiro dos Sentidos Gourmets, darase a coñecer unha ampla mostra dos nosos produtos cárnicos, lácteos, vitivinícolas, hortofrutícolas, marítimos e do monte, con calidade amparada por indicacións xeográficas e denominacións protexidas. Estes produtos serán empregados nas diferentes degustacións e demostracións.

Pontevedra é a provincia con maior representación de empresas no Salón, con case a metade das mesmas. Produtos cárnicos (Cárnicos Beika, Consorcio Agroalimentario de Galicia), viños acollidos á D.O. Rías Baixas (Valdamor, Lagar de Pintos, Adegas As Laxas, Vña Almirante, Sucedores de Benito Santos ou Zárate), froitas (Kiwi Atlántico) e queijos (Cooperativa Hore) son a carta de presentación dos empresarios pontevedreses.

Durense ten tamén unha ampla representación, con sobremesas (Confitería Cerviño e Marrón Glacé), cogomelos (Frigam), augardentes e licores tradicionais acollidos á D.X. (Vitivinícola do Ribeiro) e viños da D.O. Valdeorras (Cooperativa Jesus Nazareno, Vña del Norte e Adega Manuel Rojo).

As empresas de Lugo (Miguel Areea e Hjos, Queserías Sarrianas e Bombóns Suguimar) e A Coruña (Augardentes de Galicia) acadan, entre as dúas, o 20% restante dos expositores do sector agroalimentario galego.

Área Institucional

Como comunidade convidada, Galiza dispón a maiores dunha área institucional onde se sitúan os 17 Consellos Reguladores das Denominacións de Calidade existentes no noso País (16 dos produtos agroalimentarios e o C.R.D.O.P. Maxilón de Galicia); e os organismos Galicia Calidade e Turgalicia. Os distintos CC.RR. ofrecerán degustacións e explicacións do feito diferencial dos nosos produtos agroalimentarios.

Pola súa banda, Galicia Calidade e Turgalicia contarán tamén con espazos promocionais que van destacar a importancia da vinculación entre a gastronomía e o patrimonio rural galegos. Neste sentido, cómpre destacar que a gastronomía é a segunda razón pola que os visitantes deciden achegarse a Galicia, polo que no Salón tamén haberá espazo para a promoción do noso País como un destino gastronómico de calidade.